

CEIP PLURILINGÜE EULOGIO GÓMEZ FRANQUEIRA
CURSO 2019-2020

MATERIA: CIENCIAS NATURAIS
CURSO: 6º ED. PRIMARIA

ÍNDICE

1. Xustificación legislativa
2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
3. Avaliación e cualificación.
4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
5. Información e publicidade.

1. XUSTIFICACIÓN LEGISLATIVA

O artigo 91 da LOE (L.O 2/2006 do 3 de maio) modificada parcialmente pola LOMCE (L.O. 9 /2013 do 9 de decembro) establece a programación das áreas e materias como a PRIMEIRA función do profesorado. Dita programación establécese como aberta e flexible.

A lexislación vixente establece 3 niveis de concreción curricular:

O primeiro nivel ven dado tanto polo RD 126/2014 de 28 de febreiro (currículo estatal de primaria) coma o D 105/2014 do 4 de setembro (currículo galego).

O segundo nivel serían as correspondentes concrecións curriculares establecidas polos centros educativos.

O terceiro nivel corresponde coas diferentes programacións didácticas elaboradas polo profesorado para cada materia.

O presente curso escolar 2019-2020 ten o seu calendario estipulado pola orde 20-6-19, dita orde establece un total de 175 días lectivos. O Real Decreto 463/2020 estableceu o estado de alarma (aínda vixente e en fase de desescalada), dito documento interrompeu a asistencia de alumnado e profesorado aos centros educativos dende o 14 de marzo de 2020. Como consecuencia directa o número de días lectivos con asistencia de alumnado interrompeuse en 115 días (71 días no primeiro trimestre e 44 no segundo).

A teleformación substituíu ás clases presenciais e o profesorado tivo que organizar nun espazo moi breve de tempo a continuidade da docencia durante o estado de alarma. A teleformación no noso centro está condicionada pola escasez de equipas informáticas e conexións a internet nos fogares do noso alumnado.

Tamén é preciso resaltar a mala calidade das conexións a internet no ámbito do noso centro (zona rural con escasa cobertura tanto de móbil coma de internet).

A dirección do centro sondeu as posibilidades de comunicación das familias dando coma resultado un 40% de familias sen equipas informáticas operativas ou conexión a internet. A situación deu coma conclusión 3 únicas vías de comunicación: Páxina Web do centro, perfil de redes sociais (Facebook) e Whatsapp. Valorando as opcións determinamos o Whatsapp como a vía preferente de comunicación dado que o 100% das familias son usuarias habituais deste sistema.

Seguindo as instrucións do 27-4-2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia; débense modificar os elementos previstos inicialmente nas programación didácticas establecidas a principios do presente curso escolar 19/20. Ditos cambios estarán referidos a:

- 1- Elementos curriculares avaliáveis
- 2- Modificacións metodolóxicas
- 3- Modificacións avaliativas.

2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.	CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.
B2.2. Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, cuidados etc.	CNB2.2.1. Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.
B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde.	CNB2.3.1. Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o cuidado e mantemento do funcionamento global do corpo.
B4.1. Coñecer leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, os cambios de estado e as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.	CNB4.1.1. Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado.
B4.2. Coñecer as características das fontes de enerxía e materias primas renovables e non renovables e relacionalas co desenvolvemento enerxético e sostible.	CNB4.2.1. Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química
B4.3. Planificar e realizar sinxelas investigacións para estudar o comportamento dos corpos diante das forzas, a luz, a electricidade, o magnetismo, a calor ou o son.	CNB4.3.1. Planifica e realiza sinxelas experiencias e predí cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía, comunicando o proceso seguido e o resultado obtido.
B4.4. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia.	CNB4.4.2. Separa os compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.

3. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Os procedementos para levar a cabo a avalicación serán a seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Observación continua do traballo e que desenvolve o alumno/a. -Valoración do interese que manifesta o alumno/a nas actividades e tarefas propostas. -Análise e valoración dos traballos presentados polo alumno/a..
	<p>Instrumentos durante as clases presenciais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Traballos individuais, fichas e caderno do alumno/a presentados de maneira virtual.
Cualificación final	<p><i>Tendo en conta o número de días lectivos procederase da seguinte forma:</i> <i>Cualificacións do 1º trimestre 62% da nota final</i> <i>Cualificacións do 2º trimestre 38% da nota final</i> <i>A cualificación final do curso obterase coa seguinte fórmula: Nota do 1º trimestre x 0,62 + nota do 2º trimestre x 0,38= nota final do curso.</i> <i>O traballo feito a partir da suspensión da actividade docente presencial SÓ puntuará en positivo e poderá supor ata un 10% de incremento na Cualificación final.</i></p>

4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As actividades que se realizarán na materia de Ciencias Naturais en 6º de Ed. Primarias serán de, repaso, reforzo e ampliación do bloque 3 e 4 “O ser humano e a saúde” e “A materia e enerxía”</p> <p>Para traballar estes temas empregaremos o libro de texto do alumnado.</p> <p>Cada semana envíaselle aos nen@s un pdf con preguntas dun apartado do tema que lle axudará a facer un resumo, tamén se lle envía un vídeo explicativo do mesmo. A continuación deberán realizar as actividades que se lle indiquen de cada apartado. Incluso se lle manda realizar algún experimento ou traballo práctico relacionado co tema.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none"> -Promover a curiosidade para levar a cabo as actividades, a través de audios ou vídeos. -Empregar unha linguaxe clara, sinxela que facilite a comprensión. -Cando o alumnado ten as tarefas feitas, a familia enviánnos foto das fichas, para ver como o nen@ fixo as actividades. Se ditas actividades están incorrectas mándaselle a explicación para que as corrixan. -Fomentar, valorar o traballo do alumnado nestas circunstancias. -Solucionar dúbidas a través do teléfono, mensaxes.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Libros de texto. - Dispositivos móbiles. - Fichas impresas. - Enlaces a vídeos explicativos.

5. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Toda a información que se lle manda ás familias faise a través de Abalar, páxina web do centro e teléfono sobre todo empregando a aplicación Whatsapp.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

